

# I GRAN PREMIO BAIXADA DE CARROS DE BOLAS “ A MILAGROSA”

VALEDEIRO PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA, EUROPA E MUNDIAL

## NORMATIVA:

Coa elaboración da seguinte normativa pretendemos matizar os aspectos constructivos dos carros que desexen participar no Gran Premio de Baixada de Carros de Bolas de A Milagrosa (Carballo). Dende a organización aconsellamos a todos/as aqueles/as que desexen construír un carro que ante calquera dúbida se poñan en contacto con nós a través da dirección de correo electrónico [amilagrosa2019@gmail.com](mailto:amilagrosa2019@gmail.com), co fin de manter o espírito da competición.

A organización resérvase o dereito a descalificar a calquera carro que non cumpra cos requisitos recollidos nesta normativa así como a tomar as medidas necesarias no caso de que se poña en perigo a seguridade dos demais participantes ou do público.



1. RODAS
2. TABLÓN
3. DIRECCIÓN (Volante)
4. ASIENTO

### 1.- RODAS:

Serán de ferro, con rodamentos. Diámetro máximo: Dianteiras ..... 80 mm.

Traseiras ..... 100 mm.



## 2. TABLÓN:

Será de madeira, non se permitirá chasis metálico recuberto de madeira.

Medidas máximas: 125 Cm. De largo X 65 Cm de ancho

## 3. TRAVESAÑO EIXE:

Será de madeira, non se permitirán perfíles metálicos na peza de maior lonxitude.



## 4. SOPORTE DE EIXE:

Recoméndase fabricación en madeira.

## 5. DIRECCIÓN (Volante)

Será de corda/cordel. Poderá levar nos extremos finais un anaco de madeira ou similar que o faga máis fácil de suxetar.

## 6. ENGRAXE:

Para a lubricación das superficies eixe-roda, estará totalmente prohibido o uso de aceites ou outras sustancias líquidas. Permitirase o emprego de graxa consistente ou similar, recomendando o uso de bombas manuais.

## 7. OUTROS:

- Será **OBRIGATORIO** que cada piloto/a expoña o seu carro na Praza da Milagrosa o Sábado, día 31 de agosto a partires das 16:00 h. ata o comezo das probas. Deste xeito verificarase que cada carro cumpra as normas de construción e seguridade. Así, o carro que non se presente a exposición, non poderá participar. Durante a exposición dos carros na Paza da Milagrosa, realizarase o reparto de dorsais e verificación dos carros.
- Tanto pilotos/as como copilotos/as deberán presentar o D.N.I. e no caso dos/as menores de 18 anos, deberán asinar unha autorización paterna, materna ou do titor legal presentando este tamén o seu D.N.I.

- Será **OBRIGATORIO O USO DE CASCO REGULAMENTARIO, CODEIRAS, RODILLEIRAS e GUANTES** para **TODOS** os/as pilotos/as.
- Non se permitirá baixar con ningunha prenda de manga curta.
- Atendendo ó número de inscricións, idades dos/as pilotos/as e características dos carros, a organización poderá establecer distintas categorías. Tanto en masculino, mixtas ou femeninas, si as houbera.
- Primeiro faráse una baixada, a modo individual. Nela tomaranse os tempos de cada participante que serán válidos para as distintas fases da competición. Por categorías, si as houbera.
- A continuación celebraráse unha nova baixada por parellas en cada unha das categorías. Competirán o mellor tempo contra o peor, o segundo contra o penúltimo, o terceiro contra o antepenúltimo, e así sucesivamente. O perdedor quedará eliminado pasando o vencedor a seguinte proba.
- Os vencederos das baixadas anteriores, volverán a baixar competindo por parellas e categorías do mesmo xeito. É dicir : o mellor tempo contra o peor, o segundo contra o penúltimo, o terceiro contra o antepenúltimo, ... . Sempre tomando como referencia o tempo da clasificación inicial.
- E así sucesivamente ata que queden só tres (3) participantes, por categoría, caso de habelas, que disputarán a final.
- Na saída tan só poderá empurrar o/a copiloto/a, permanecendo o/a piloto/a sentado no carro.
- En todo momento, o/a piloto/a, deberá permanecer sentado/a no carro. O/A copiloto/a poderá levantarse a empurrar cando o estime convinte.
- Os dorsais deberán estar sempre visibles.
- Os participantes que non cumpran estas normas, quedarán excluídos da proba e tomaranse as medidas legais oportunas no caso de que se poña en risco a seguridade dos demais participantes ou do público.
- A organización poderá decretar a suspensión das probas cando considere que se den circunstancias que así o aconsellen.

**INSCRIPCIÓNS** : Nos teléfonos 639 888 455 e 626 934 899

**PREMIOS** :

**1º Clasificado/a por categoría** : 100 €uros e Trofeo

**2º Clasificado/a por categoría** : 70 €uros e Trofeo

**3º Clasificado/a por categoría** : 30 €uros e Trofeo